

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4570 *Real decreto 137/2021, do 2 de marzo, polo que se establecen disposicións específicas para a tramitación de procedementos sancionadores en comercio e sanidade exterior, en materia de sanidade vexetal, e de sanidade e protección animal.*

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, na súa disposición transitoria segunda establece que ata que se establezan procedementos específicos en materia de inspeccións e sancións se aplicará o disposto no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, salvo no que sexa contrario ao disposto pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

Recóllese idéntica previsión na disposición transitoria primeira da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, na dita materia.

Por outro lado, a Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, non prevé disposicións específicas para o efecto.

Os aspectos relativos ás inspeccións víronse regulados en sede europea por medio do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 999/2001, (CE) n.º 396/2005, (CE) n.º 1069/2009, (CE) n.º 1107/2009, (UE) n.º 1151/2012, (UE) n.º 652/2014, (UE) 2016/429 e (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, os regulamentos (CE) n.º 1/2005 e (CE) n.º 1099/2009 do Consello, e as directivas 98/58/CE, 1999/74/CE, 2007/43/CE, 2008/119/CE e 2008/120/CE do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 854/2004 e (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 89/608/CEE, 89/662/CEE, 90/425/CEE, 91/496/CEE, 96/23/CE, 96/93/CE e 97/78/CE do Consello, e a Decisión 92/438/CEE do Consello (Regulamento sobre controis oficiais).

Así mesmo, a regulación básica do procedemento sancionador está hoxe recollida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e os seus principios xerais, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Cómpre, pois, determinar que o prazo de tramitación dos procedementos sancionadores nos ámbitos comprendidos nas citadas leis, cando a competencia sexa da Administración xeral do Estado, é dicir, no ámbito das importacións e exportacións de vexetais, produtos vexetais e forestais, animais, produtos e subprodutos de orixe animal, e produtos zosanitarios e de alimentación animal, sexa de seis meses, dentro da marxe que outorga a lexislación e co fin de fomentar a eficacia da actividade administrativa, así como aplicar a posibilidade recollida no artigo 85.3 da mencionada Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario.

Na elaboración desta norma observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase o proxecto na necesidade da implementación da normativa de procedemento administrativo común nos procedementos sancionadores xa mencionados, ao ser necesario que a regulación se recolla nunha norma. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación limitase ao mínimo imprescindible para cumprir coa dita normativa. O principio de seguridade xurídica garántese ao se estableceren nunha

disposición xeral as novas previsións en coherencia co resto do ordenamento xurídico. Así mesmo, en aplicación do principio de transparencia, durante a tramitación da norma foron consultadas as comunidades autónomas, as entidades representativas dos sectores afectados, e levouse a cabo o trámite de audiencia e información pública. Finalmente, o principio de eficiencia considérase cumprido xa que non se impoñen novas cargas administrativas fronte á regulación actual.

Esta norma dítase ao abeiro das habilitacións establecidas na disposición derradeira segunda da Lei 43/2002, do 20 de novembro, na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, e na disposición derradeira sexta da Lei 32/2007, do 7 de novembro, e de acordo co artigo 149.1.10.^a, 13.^a e 16.^a, primeiro inciso, da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e sanidade exterior.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer disposicións específicas para a tramitación de procedementos sancionadores en comercio e sanidade exterior, en materia de sanidade vexetal, e de sanidade e protección animal, por incumprimento da normativa da Unión Europea en tales materias, ou do establecido na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal; na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, cuxa tramitación e resolución compete á Administración xeral do Estado.

Artigo 2. *Prazo e tramitación de procedementos sancionadores en materia de sanidade vexetal, e de sanidade e protección animal.*

1. O prazo para resolver e notificar a resolución nos procedementos sancionadores en materia de sanidade vexetal, e de sanidade e protección animal, a que se refire o artigo 1, será dun máximo de seis meses desde a data de adopción do acordo de incoación destes, tendo en conta para estes efectos as posibles interrupcións do seu cómputo por causas imputables aos interesados, ou pola suspensión do procedemento a que se refire o artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este prazo poderase ampliar de acordo co previsto no artigo 23 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa dará lugar á caducidade do procedemento.

2. A tramitación será a prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sen prexuízo disto, cando, conforme o establecido na Lei 32/2007, do 7 de novembro, se incoe como consecuencia de infraccións cometidas contra animais de compañía, o órgano instructor solicitará informe da Dirección Xeral de Dereitos dos Animais, do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, con carácter previo a se notificar a proposta de resolución, para que se pronuncie no marco das súas competencias.

Artigo 3. *Redución da sanción pecuniaria.*

De conformidade co previsto no artigo 85.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos procedementos sancionadores mencionados no artigo 2, se, iniciado un procedemento sancionador, en calquera momento anterior á resolución o presunto responsable recoñece

a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda, e, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver e notificar a resolución do procedemento aplicará reducións de ata un máximo do 30 % sobre o importe da sanción proposta.

Así mesmo, cando o presunto responsable pague voluntariamente en calquera momento anterior á resolución, se a sanción ten unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver e notificar a resolución do procedemento aplicará reducións de ata un máximo do 30 % sobre o importe da sanción proposta.

As reducións previstas nos dous parágrafos anteriores deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento, e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.10.^a, 13.^a e 16.^a, primeiro inciso, da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de marzo de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES